



San Martín de Suarna – San Martín de Suarna (San Martín) – A Fonsagrada, 1979-12

Informante: Florencio López Fernández, “o Cego dos Vilares” (65)

Compiladora: Dorothé Schubarth

Transcripción: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

IV 7a

Alá cuando era bon mozo,
tiña doce anos cumpridos
fun ver unha nena guapa
filla do Xan dos Vestidos,
Concha del alma.

Levaba un pau tan largo
como o timón dun arado
e unhas zocas chinelas,
fumando nun gran cigarro,
Concha del alma.

I entrei, din as boas noites,
sale o can mui apurado,
rompeume o calzón de estrena
e máis tiroume deitado,
Concha del alma.

Levántase o amo da casa:
“Tente pa trás condenado.”
Que me bateu nas costelas,
que me deixou desmaiado,
Concha da ialma.

E díxolle á muller:
“Éche bon milagro, home,
este can éche escolleito
carne mala non a come.”
Concha da ialma.

A rapapza non estaba,
disque iba nun viaxiño,
eu salín pra esperala
ó alboio do veciño,
Concha da alma.

Salíume outro can tan feo
coma a cabeza dun sapo,
arrastroume pola lama
igual que se fora un trapo,
Concha da alma.

Desque o can ladrara tanto
salen todos os veciños
con colmeiros, paus e fouces



as mulleres con fouciños,
Concha da ialma.

Cuando chego á miña casa
miña nai deume boas sopas,
cantoume as corenta en bastos
ademais das vinte en copas,
Concha da alma.

Meu pai, que estaba presente,
por me calentar as moas
deume sete bofetadas
e encima deume filloas,
Concha da ialma.

Iba polo patio adiante,
iba medio condenado,
rabeoso coma un can
polas que tiña levado,
Concha da ialma.

Nesto vén a miña mai,
métome nunha camilla
alí estiven dúas noites,
parecía unha morcilla.
Concha da alma.